

UNIDADES DE MASA: A unidade principal é o gramo **g**

LEMBRA: cando pasamos unidades cara a dereita temos que multiplicar por 1 seguido de tantos 0 como casiñas. Por exemplo para pasar 5kg a dg teremos que multiplicar $5 \times 1\,000 = 5\,000g$

LEMBRA: cando pasamos unidades cara a esquerda temos que dividir entre 1 seguido de tantos 0 como casiñas. Por exemplo para pasar 500mg a dg debemos dividir $500:100 = 5dg$

kg- hg- dag- g- dg- cg- mg

- 1- Cantos g son 324 kg?
- 2- Un camión leva 875000000 mg de millo. Cantos kg de millo leva?
- 3- Un agricultor prantou 3270 hg de patacas. Cantos kg de patacas prantou?
- 4- Cantos g son 65000 mg?
- 5- Cantos hg son 1000 dg?

UNIDADES DE CAPACIDADE: A unidade principal é o litro **l**

LEMBRA: cando pasamos unidades cara a dereita temos que multiplicar por 1 seguido de tantos 0 como casiñas. Por exemplo para pasar 5kl a dg teremos que multiplicar $5 \times 1\,000 = 5\,000l$

LEMBRA: cando pasamos unidades cara a esquerda temos que dividir entre 1 seguido de tantos 0 como casiñas. Por exemplo para pasar 500ml a dg debemos dividir $500:100 = 5dl$

kl-hl-dal- l- dl-cl- ml

- 1- Un bidón de gasolina leva 250l, a cantos dal equivalen?
- 2- Se unha granxa leiteira produce 500000000ml de leite diariamente, cantos litros de leite produce?
- 3- Un camión cisterna pode levar 3567256 kl de gasoil, a cantos l de gasoil equivalen?
- 4- Hoxe caeron 25 l de chuvia por metro cuadrado m². Cantos ml de chuvia caeron por m²?

UNIDADES DE LONXITUDE:

A unidade principal é o metro **m**

LEMBRA: cando pasamos unidades cara a dereita temos que multiplicar por 1 seguido de tantos 0 como casiñas. Por exemplo para pasar 5km a dg teremos que multiplicar $5 \times 1\,000 = 5\,000m$

LEMBRA: cando pasamos unidades cara a esquerda temos que dividir entre 1 seguido de tantos 0 como casiñas. Por exemplo para pasar 500mm a dg debemos dividir $500:100 = 5dm$

km- hm- dam- m- dm- cm- mm

- 1- Un peregrino fixo 750km do Camiño de Santiago, a cantos m equivalen?
- 2- Un coche eléctrico ten unha autonomía de 45000m na súa batería. Cantos km ten de autonomía?
- 3- Un patinete eléctrico pode percorrer 35000 mm en modo eléctrico. Cantos m pode percorrer?
- 4- Un avión percorre 750km nunha hora. A cantos m equivale?